



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A ITINERANCIA DA EXPOSICIÓN TEMPORAL “GALICIA, DE NÓS A NÓS”

En Santiago de Compostela na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D. Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en virtude do DECRETO 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 181, de 7 de setembro de 2020), e actuando na súa condición de Presidente do Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, de conformidade coa aceptación de cargo formalizada ante o Rexistro de Fundacións de interese galego o 02 de marzo de 2015.

Doutra parte, a **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**, con NIF número P3600000H, e domicilio social en Avda. de Montero Rios, s/n, 36071, Pontevedra.

Está representada neste acto por D. Cesáreo Mosquera Lorenzo, na súa condición de vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe a Resolución Presidencial, nº 2019012988 de 15 de xullo de 2019.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (ou “Convenio”), e ao efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (ou Fundación)** foi constituída o día 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta entidade co número 73.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

A Fundación promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.





Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que sirva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.
- c) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

Neste contexto, a Fundación organiza a exposición “**Galicia, de NÓS a Nós**” terá lugar no Museo Centro Gaiás, da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, e ten prevista a súa inauguración o 2 de outubro de 2020 e a súa clausura o 17 de xaneiro de 2021.

O primeiro número da revista Nós viu a luz o 30 de outubro de 1920. A conmemoración en 2020 do seu centenario ofrece unha oportunidade clave de servir como elemento que aglutine e reforce unha personalidade galega actual propia, ilustrada, universalista, aberta ás correntes de pensamento mundiais, como foi a emanada daquela iniciativa editorial nos anos vinte e trinta. Este é o espírito co que nace este proxecto expositivo-localizado temporalmente entre a mostra Galicia, un relato no mundo, e o arranque do ano Xacobeo 2021– que pretende dar a coñecer non so unha revista, senon tamén unha xeración e unha intención clara e decidida polo fomento da cultura galega dende un punto de vista internacional e conectado coa realidade galega, converténdose esta iniciativa multifacética nun dos referentes imprescindibles da cultura galega do século XX.

SEGUNDO.- Que a **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (ou Deputación)** foi creada no ano 1836, como institución pública que presta servizos directos aos cidadáns e presta apoio técnico, económico e tecnolóxico aos concellos da provincia de Pontevedra. No eido cultural, a Deputación promove e fomenta toda clase de actividades que permitan coñecer o patrimonio cultural e artístico da provincia, poñendo en valor aqueles proxectos que favorezan a promoción cultural e artístico pontevedrés.

Neste sentido, a Deputación leva a cabo actividades relacionadas co centenario da publicación do primeiro número da revista Nós (30 de outubro de 1920), moi vinculada a Pontevedra por canto foi a urbe elixida en 1920 para celebrar o debate sobre a creación de dita Revista, que se decide chamar Nós a petición de Castelao; a esta reunión acudiron galegos tan ilustres como Vicente Risco, Castelao, Ramón Cabanillas e Antón Losada Diéguez. Igualmente, a partir de 1923, a revista pasa a imprimirse en Pontevedra, sendo o primeiro exemplar de dita revista impresa na cidade o volume número 18.

Así mesmo, a Deputación de Pontevedra é titular do Museo de Pontevedra, institución pública, sen fins de lucro, ó servizo da sociedade e do seu desenvolvemento. A súa misión é conservar, exhibir, investigar e difundir unha ampla colección de obxectos arqueolóxicos, artísticos, históricos e etnográficos; ofrecer exposicións temporais que inclúan pezas en préstamo, e contribuír ao desenvolvemento artístico e cultural da provincia, levando a cabo e participando tamén en actividades de relevancia nacional e internacional.

TERCEIRO.- Que a Fundación e a Deputación, no convencemento da relevancia deste fito histórico, entenden necesario a difusión da conmemoración desta efeméride, para o que conveñen en acordar a itinerancia da exposición temporal “Galicia, de NÓS a Nós” á Pontevedra,.

Tendo en conta o anterior, a Fundación e a Deputación, manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento desde proxecto, e con tal finalidade acordan a sinatura do





presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Fundación e a Deputación, para que a exposición “Galicia, de NÓS a Nós” itinere ao Museo de Pontevedra da Deputación Provincial de Pontevedra, para a súa exhibición pública do 20 de maio de 2021 ao 11 de xullo de 2021.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

En virtude do presente convenio, a **FUNDACIÓN** se obriga a:

1. A entregar á Deputación, as obras expostas no Museo Centro Gaiás e cuxa itinerancia fose previamente autorizada polos prestadores e titulares das obras, debidamente embaladas para o seu traslado ao Museo de Pontevedra (recollidas en anexo).
2. Facilitar á Deputación os rexistros de entrada e saída das obras no Museo Centro Gaiás e itinerancia no Centro Cultural Marcos Valcárcel en Ourense que recolle o informe de revisión do estado de todas as obras durante desembalaxe e montaxe e durante a desmontaxe e desembalaxe das pezas na exposición, asinado polos correos designados polas entidades prestadores (de ser o caso) e as técnicas de Exposicións da Fundación Cidade da Cultura de Galicia. A Fundación, na medida do posible e preservando os datos de carácter persoal que poidan ser tratados en virtude do presente convenio, entregará á Deputación información necesaria sobre características das obras, condicións esixidas polos prestadores de obra e valores das mesmas aos efectos de aseguramento mediante póliza de seguro “cravo a cravo”.
3. Ceder o uso temporalmente e unicamente ata a clausura da exposición no Museo de Pontevedra o 11 de xullo de 2021, de vitrinas, ferramentas tecnolóxicas, ou soportes audiovisuais, así como audiovisuais interactivos, empregados na exposición a organizar no Museo Centro Gaiás; para elo, a Fundación enviará todo o material de montaxe expositivo necesario para a realización do proxecto (aínda por determinar) consistente en vitrinas, soportes expositivos, obxectos móbiles de control ambiental, material audiovisual e gráfico. Estes materiais se adaptarán as necesidades de obra segundo listado definitivo de obra a itinerar, vinculado á autorización dos prestadores á itinerancia a Pontevedra.

En calquera caso, a cesión se refire unicamente ao uso destes materiais e se restrinxe dita utilización, á exhibición da exposición “Galicia, de NÓS a Nós” no Museo de Pontevedra entre o 20 de maio de 2021 ao 11 de xullo de 2021. A cesión de uso non implica a transmisión da propiedade de ditos elementos nin a posibilidade de cesión a terceiros de dito material.

4. Deseño, maquetación e impresión do catálogo da exposición “Galicia, de NÓS a Nós” con cargo ao seu orzamento segundo as súas necesidades e compromisos; non obstante o anterior, esta circunstancia non implica a entrega gratuíta pola Fundación, de exemplares do catálogo nin a Deputación nin a ningún terceiro cuxo compromiso sexa adquirido pola Deputación.

5. A Fundación asumirá os custos do transporte desde o Museo de Pontevedra ata a súa colocación nos domicilios dos prestadores de obra segundo figura en anexo a este convenio.

6. A Fundación nomeará unha/s técnico/s de Exposicións da propia Fundación que supervisará todos os movementos, nos rexistros de chegada e saída das obras na súa localización en Pontevedra, e no momento da entrega das obras para transporte (carga e manipulación de caixas) das obras de Pontevedra aos domicilios dos prestadores.

7. A Fundación asumirá a contratación dunha póliza de seguro a todo risco “cravo a cravo”, con efectos de cobertura desde a recollida das obras, xa embaladas, no Museo de Pontevedra





e o seu traslado aos seus lugares de orixe, para colocación da obra na súa localización orixinal (domicilios dos prestadores).

8. Levar a cabo os trámites precisos para obter a prórroga da franquía diplomática, así como do permiso de exportación concedido inicialmente, de ser preciso, respecto de aquelas obras que así o precisasen para a súa saída dende o domicilio do prestador.

9. Facilitar mensualmente o número de asistentes á mostra e un dossier final da exposición cos datos relevantes da mesma.

En virtude do presente acordo, a **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA** obrígase a:

1. A manter ás condicións de préstamo impostas polos prestadores e titulares das obras a exhibir na exposición temporal “Galicia, de NÓS a Nós”, que figuran en anexo. Para elo, a Fundación xestionará oportunas prórrogas de préstamo cos prestadores respecto das obras que finalmente se exhiban no Museo de Pontevedra; en todo caso, a xestión de prórrogas non conleva a responsabilidade da Fundación polo incumprimento das condicións de préstamo por parte da Deputación. A Deputación de Pontevedra responderá de todos os danos e prexuízos que sufran as obras en tanto obren no seu poder, incluídos os derivados das posibles vulneracións dos dereitos relacionados coa propiedade intelectual que se produzan como consecuencia da itinerancia da obra a Pontevedra.

Neste acto, a Deputación garante que dispón das condicións necesarias para albergar a obra e, en concreto, que as salas expositivas do Museo de Pontevedra goza das seguintes condicións de seguridade;

- Alarma de intrusión conectada con central de alarmas
- Alarma contra incendios
- Cámaras de circuíto pechado de TV
- Persoal permanentemente en sala durante horario expositivo
- Cámaras de circuíto pechado de TV exteriores no edificio anexo (Deputación provincial).
- Climatización do espazo expositivo con control de temperatura

2. A facerse cargo dos custos derivados do transporte das obras para itinerancia da exposición temporal “Galicia, de NÓS a Nós” desde o Centro Cultural Marcos Valcárcel (Ourense) ata o Museo de Pontevedra, a realizar por unha empresa especializada no movemento de obras de arte, con acreditada experiencia no sector. O transporte terrestre deberá realizarse en vehículos de máxima seguridade, protexidos contra roubo e acondicionados para o transporte de obras de arte (con suspensión pneumática, climatización, GPS, etc.), cumprindo a normativa vixente sobre transporte e seguridade. Durante o transporte, os valores de Humidade Relativa e Temperatura serán os mesmos que os esixidos para a exposición das obras.

3. A asumir os custos da desembalaxe, montaxe e posterior desmonte e reembalaxe de obra no Museo de Pontevedra. Co fin de aclimatar as obras, estas deberán permanecer dentro da embalaxe precintada polo menos 24 h, nunha sala coas mesmas condicións climáticas que a sala de exposición. A obra deberá ser instalada no lugar definitivo que lle corresponda na exposición e será identificada na cartela coa información facilitada por prestadores de obra e pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Como norma xeral, as obras nunca poderán exhibirse con incidencia de luz solar directa. As salas de exposición manterán as seguintes condicións ambientais:

- Humidade relativa: dentro do rango 50 % $\pm$ 5% sen oscilacións.
- Temperatura: 20° $\pm$ 2° C
- Intensidade da luz: pintura <150 luxes, obra sobre papel <40 luxes
- Radiación ultravioleta inferior a 70 μ w/lumen.





4. A organizar e asumir os custos de atención, sustento e desprazamento de aqueles correos esixidos polas entidades prestadoras de obra ou titulares das mesmas, para a realización dos rexistros de entrada e saída da obra no Museo de Pontevedra,, de maneira que verifiquen o estado das mesmas no desembalaxe e montaxe e no desmontaxe e reembalaxe nesta sede; os informes técnicos ou rexistros de estado de obra derivados da exhibición das obras itineradas a Pontevedra, deben ser asinados polo técnico designado polo Museo de Pontevedra e polo responsable da entidade prestadora de obra.

5. A contratar unha póliza de seguro a todo risco “cravo a cravo” sobre todas as pezas obxecto de itinerancia, con cobertura desde a recollida da obra no Centro Cultural Marcos Valcárcel da Deputación Ourense ata a súa entrega á Fundación tras a clausura da exposición en Pontevedra o 11 de xullo de 2021, para devolución aos lugares de orixe das obras. Esta póliza cubrirá os riscos do transporte así como os da súa estancia na exposición e calquera outro emerxente de sucesos que poidan producirse con motivo do préstamo, na que se especifique o valor das obras segundo a información aportada pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

O certificado deberá ser emitido en español e deberá incluír expresamente as seguintes cláusulas:

- Institute Cargo Clauses A (ICCA).
- Institute Strikes Clauses, incluíndo a cobertura de terrorismo durante a estancia da obra
- Institute War Clauses
- Cláusula de exoneración
- Cláusula de exoneración da Policía Francesa (se procede)
- Cláusula de depreciación e/ou demérito artístico
- Cláusula de danos por feitos mal intencionados
- Cláusula de opción de recompra, sen límite de duración
- Cláusula de museo
- Cláusula de liquidación de sinistros sen franquía
- Cláusula de descabamento (se procede)
- Cláusula de marcos (se procede)
- Cláusula de exclusión por contaminación radioactiva
- Cláusula de cristal (se procede).

O orixinal do certificado do seguro, no que figurará o valor en euros e as condicións específicas da póliza deberán estar en poder da Deputación Provincial de Pontevedra e da Fundación polo menos 5 días antes da saída das obras dende o Centro Cultural Marcos Valcárcel en Ourense.

6. A Deputación Provincial de Pontevedra debe contar cun servizo de seguridade que se compromete a manter, as 24 horas, constante e adecuada protección do préstamo contra incendio, roubo, vandalismo, inundación, así como axustarse ás condicións lumínicas e ambientais especificadas no punto 3

7. A deseñar e producir ao seu cargo os materiais de difusión, como invitacións, información para prensa e web, material audiovisual, etc., así como os que, no seu caso, se deriven da edición de folletos ou catálogos.

8. A cumprir as demais condicións e obrigacións establecidas polos prestadores orixinais no referente a condicións ambientais, manipulación, embalaxe, seguro, transporte, montaxe, exhibición, reprodución de imaxes, catálogos, devolución e outras que puideren corresponder.

9. Á asumir os custes derivados do transporte, montaxe e devolución de vitrinas, ferramentas tecnolóxicas, ou soportes audiovisuais, empregados na exposición a organizar no Museo Centro Gaiás recollidas en anexo a este convenio nas mesmas condicións que foran entregadas á Deputación de Pontevedra; en caso de desperfectos ou danos nos materiais cedidos, á Deputación farase cargo dos gastos relativos á reparación dos mesmos de ser posible.





10. De precisar exemplares do catálogo, a Deputación contactará directamente coa empresa de reprografía que imprimise previamente catálogos para a Fundación (respecto da exhibición da exposición no Museo Centro Gaiás), procedendo de ser preciso, ao encargo e pago dos exemplares do catálogo da exposición que estime necesarios, con cargo ao orzamento da Deputación; a Fundación non entregará gratuitamente exemplares do catálogo á Deputación nin a ningún terceiro cuxo compromiso sexa adquirido pola Deputación. Tampouco se autoriza a utilización da base de reprografía correspondente co catálogo para uso propio da Deputación ou terceiros pertencentes, nin se ceden a Deputación os dereitos intelectuais sobre o catálogo, especialmente os referidos a reprodución e transformación de ditos soportes.

11. Facer constar expresamente en toda a comunicación que se realice da mostra, non só en materiais físicos ou dixitais, senón en rolda de prensa ou presentacións a colaboración coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia – Xunta de Galicia, con inclusión da súa imaxe corporativa, como organizadores da exposición. O material editado ou impreso polo Museo de Pontevedra incluírá, xunto coa identidade corporativa da fundación Cidade da Cultura-Xunta de Galicia o da Deputación de Pontevedra-Museo de Pontevedra en calidade de entidade receptora da mostra.

12. O deseño gráfico e creación dunha identidade gráfica para a exposición “Galicia, de NÓS a Nós” foi contratado a Álvaro Valiño Pardo, polo que en virtude da protección dos dereitos recoñecidos pola Lei de Propiedade Intelectual, a Deputación deberá ter en conta dita circunstancia respecto da adaptación dos arquivos de gráfica en sala á montaxe, facéndose cargo da adaptación do deseño si fose necesario. Igualmente a Deputación se fará cargo dos gastos de produción e colocación que correspondan a elementos de gráfica que sexa necesarios adaptar ou volver producir por non ser posible o seu reaproveitamento.

13. Facilitar mensualmente o número de asistentes á mostra e un dossier final da exposición cos datos relevantes da mesma.

TERCEIRA.- FINANCIACION

O convenio non comporta gasto para as partes; os custos que deriven dos compromisos das partes sinalados na cláusula anterior serán os que resulten dos procedementos de contratación que correspondan ao marxe da utilización dos medios propios de cada entidade.

CUARTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO ACORDO

As partes poderán modificar ou resolver o presente acordo en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente acordo en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de dez días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente acordo por unha das partes facultará ás outras para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes asinantes deste convenio. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da Fundación, e actuará como secretario un dos representantes da Deputación.

A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:





- Supervisar a execución dos proxectos.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente convenio.

A comisión reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do convenio e poderá reunirse cantas veces estimen oportuno as partes, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas.

SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1. Tratamento de datos persoais das partes intervinientes no convenio

As partes intervinientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPD). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervinientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervinientes no convenio

As partes intervinientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigación de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervinientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO E SOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

As eventuais discrepancias derivadas do presente convenio que non poidan ser resoltas pola





comisión de seguimento prevista na cláusula quinta, resolveranse polo procedemento previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo, e non solucionadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA.- VIXENCIA

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto.

NOVENA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo .

E en proba de conformidade co exposto, asinan por duplicado exemplar este acordo no lugar e data sinalados no encabezamento

Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Pola Deputación de Pontevedra

D. Román Rodríguez González
Presidente do Padroado

D. Cesáreo Mosquera Lorenzo
Vicepresidente da Deputación de Pontevedra





**XUNTA
DE GALICIA**

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás
15707, Santiago de Compostela
T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577
cidade.cultura@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal



**FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**

galicia

ANEXO: OBRAS A ITINERAR E CODICIÓNS ESTABLECIDAS POR PRESTADOR E MATERIAL CEDIDO POLA FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (vitrinas, ferramentas tecnolóxicas, ou soportes audiovisuais)

Este listado se inclúe a título orientativo, pendente de confirmación de préstamo para itinerancia polos prestadores.



Xacobeo 2021



GUIÓN DA EXPOSICIÓN “DE NÓS A NÓS”RELATIVO Á OBRA E AUDIOVISUAIS (NON INCLÚE A GRÁFICA)

1ª SECCIÓN: Galicia antes de Nós

Esperta do teu sono... (1810-1916)

OBRAS A PAREDE OU CHAN. SINALADAS EN COR VERDE

VITRINAS ADOSADAS A PAREDE. SINALADAS EN COR AZUL

VITRINAS PRACTICADAS EN MURO. SINALADAS EN COR GRANA **OLLO** ESTAS VITRINAS FORMAN PARTE DO MURO E HAI QUE ADAPTALAS OU FACELAS DE NOVO NAS ITINERANCIAS)

ESTANTES EN PAREDE. SINALADOS EN COR MARRÓN

VITRINAS/PEANAS/BASES INDEPENDENTES. SINALADAS EN COR LARANXA

(Todas as vitrinas/peanas enviaranse cos soportes das obras, que irán siglados co nº das vitrina e da obra correspondente.)


AUDIOVISUAL E INTERACTIVOS. SINALADOS EN COR MORADA

VS1-2. VITRINA TIPO MESA ANCLADA A PAREDE. MIDE 140 cm de ancho x 40 cm de fondo x 92 cm de altura.



5 documentos: Trabajos de campo (1), Posición astronómica (1), Veredas y caminos (1), Posiciones geográficas (1), Planchetas (1). Fundación Domingo Fontán. Madrid. (VA TODO ESTE PRESTADOR) 1 doc. A3, 4 publicaciones tamaño A5 aprox.. Antigo nº id. 1.1.7/Engadir nº id. VS1-2/1-5	
---	--

OBRA A PAREDE

Retrato de Domingo Fontán de Antonio María Esquivel. 1852. Óleo/lenzo, Medidas 160 x 124 cm.. USC. CORREO? Manter nº id. 1.1.5	
---	--

VS1-1 PEANA INDEPENDENTE CON URNA. Mide 75 x 75 cm x 120 cm de alto. A urna ten 60 cm de altura.





Teodolito de Domingo Fontán Obxecto. Metal. Medidas 70 x 50 x 40 cm aprox. USC.CORREO? Manter nº id. 1.1.6	
Sextante de bolsillo de Domingo Fontán, n.º de inventario 000434, 1 tercio del siglo XIX Metal/latón. Non hai medidas en catálogo do museo pero pode medir 30 x 10 cm extendido. Museo de Pontevedra. CORREO Manter nº id. 1.1.4 OLLO!!! SE VAN OS 2 CORREOS TER EN CONTA QUE COMPARTEN VITRINA E DEBEN SER CITADOS AO MESMO TEMPO.	

OBRA EN PAREDE E OBRA EN CHAN



Mapa de Fontán da Fundación Otero Pedrayo. Medidas montado, 2,30 x 2,40 m OBRA EN PAREDE. Manter nº id. 1.1.1	
Banco frontal Fundación Otero Pedrayo Medidas 0,50 x 2,30 m. Manter nº id. 1.1.2	
Reproducción foto Otero Pedrayo sentado no banco. A3. Engadir nº id. 1.1.2/1)	

VS1-3. VITRINA TIPO MESA ANCLADA A PAREDE, 210 cm de ancho x 120,5 fondo x 90 cm de altura con urna incluida. Urna baixa de 210 x120,5 x20 cm de altura aprox. ELIMINADA PARA ITINERANCIA



Mapas (Ptolema, Bretius, Mercator, Ojea, Tomas Lopez). Biblioteca e Arquivo de Galicia. 5 MAPA DE TOMÁS LÓPEZ 92 DE ALTO X 96 CM DE ALTO. SON 4 PARTIJAS INDEPENDENTES DE 46 X 48 CM C/U MAPA DE OJEA: 50 CM ALTO X 68 CM DE ANCHO O 3 MAPAS RESTANTES: 1TAMAÑO CUARTILLA (A5) 1 TAMAÑO FOLIO (A4) 1 ENTRE CUARTILLA E FOLIO Manter nº id. 1.1.8 TODOS OS MAPAS VAN EN HORIZONTAL EN VITRINA	NON IMAXE
---	-------------------------

1.1.9.PANTALLA DE 50 PULGADAS CON INTERACTIVO PARA VER AS CAPAS DE MAPAS DE MÁIS MODERNO A MÁIS ANTIGOS. Vai incluído unha peana de 95 cm de altura x 40 x 40 cm de ancho x fondo. Leva dentro o sensor e mini-ordenador NUK. De ela saen os cables hdmi de conexión e a alimentación.

VS1-4/VS1-5. 2 VITRINAS INDEPENDIENTES CON URNA. 1 mide 150 cm de ancho x 50 cm de fondo;, 1 mide 150 cm de ancho x 60 cm de fondo. Ambas bases miden 94 cm de alto e ambas urnas miden 82 cm. A altura completa de ambas, vitrinas, urnas incluídas, é de 176 cm,

VS1-4



Fonógrafo. Facultade de Física USC. Depende do Reitorado da USC. Medida: base 22 x 15, altura 17 cm. Antigo nº id. 1.2.4/Engadir VS1-4/1	 fonógrafo primordial de Edison BREVETE S.G.D.G. época metade do século XIX. base: 22 x 15 cm, altura: 17 cm
Gramófono Consello da Cultura Galega. Medidas: 60 x 50 cm aprox Antigo nº id. 1.2.4.b/Engadir VS1-4/2	
Negativo ponte de Ourense. CGAI Tamaño A4. Estado moi delicado. Antigo nº id. 1.2.2/Engadir VS1-4/3	

VS1-5



Máquina Singer de man. Xunto a publicación TIO MARCOS DA PORTELA. Museo do Pobo Galego. CORREO Medidas 30 x 51,5 x 27 cm. Antigo nº id. 1.2.2/Engadir novo id.VS1-5	
--	--



Número encadernado do O Tío Marcos da Portela, nº 1, 1876 (Anuncio SINGER) Non é o orixinal da RAG. Colección particular de A. Vázquez Monxardín, 1 REVISTA ENCADERNADA ABERTA. A3 ABERTO. Antigo nº id. 1.2.3.B/Engadir nº id. VS1-5/2.	
--	--

OBRA A CHAN

1.2.1 Linterna da cámara de fotos de Pacheco. CGAI MEDIDAS LINTERNA QUE VEN CUNHA BASE DE MADEIRA INCOPORADA: LINTERNA: 45 X 98 X 54 CM BASE: 105 X 57 X 80 CM Manter nº id. 1.2.1	
---	--

VS1-6. VITRINA TIPO MESA ADOSADA A MURO. Mide 60 cm de ancho x 50 cm de fondo x 92 cm de altura.



Historia de Galicia de Ramón Otero Pedrayo.

Colección Afonso. Vázquez Monxardín.

4 tomos pechados, 1 tomo aberto.
Medidas A4

Antigo nº id. 1.2.12/Engadir nº id.
VS1-6/1



VS1-7 VITRINA TIPO MESA ADOSADA A MURO. 160 cm de ancho x 50 cm de fondo x 92 cm de altura




Historia de Galicia de Vereá e Aguiar. A5 aberto.

Colección particular de A. Vázquez Monxardín

Antigo nº id. 1.2.8/Engadir nº id. VS1-7/1



1.2.9 Gramática Gallega de Sacro y Arce. Colección A. Vázquez Monxardín. A5 aberto. Antigo nº id. 1.2.9/Engadir nº id. VS1-7/2	
1.2.10. Antigüedades de Galicia de Barros Silvelo. Colección A. Vázquez Monxardín. A5 aberto. Antigo nº id. 1.2.10/Engadir nº id. VS1-7/3	
1.2.11. O tío Marcos da Portela, encadernado. Colección A. Vázquez Monxardín A4 aberto Antigo nº id. 1.2.11/Engadir nº id. VS1-7/4	

VS1-8 VITRINA TIPO MESA ADOSADA A MURO. Mide 145 cm de ancho x 100 de fondo. Con urna o conxunto mide 149 cm de altura.



Número extraordinario do <i>Tío Marcos da Portela</i>, 1887. Colección particular José Luis Saco Cid. Medidas aprox. A4 pechado. Antigo nº id. 1.3.1/Engadir nº VS1-8/1	Documento
La Ilustración Gallega y Asturiana, tomo III, 10, 8-IV-1881. Deputación Provincial de Ourense. A3 aberto Antigo id. nº 1.2.3/1.3.2/Engadir nº id. VS1-8/2	Documento.
1.2.7/1.3.3 <i>El heraldo Galego</i>. Tomo 1. <<i>El Heraldo Gallego, Semanario de Ciencias, literatura y artes. Galicia ante todo, Galicia sobre todo</i>> Tomo 1. Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. CORREO OLLO! DEBE ESTAR TODO COLOCADO CANDO VEÑA O CORREO DE OURENSE PARA TAMÉN COLOCAR ESTA OBRA. Medidas pechado : 29 x 21,5 x 2,5 cm. Vai aberto Antigo nº id- 1-2.7/ Engadir nº id. VS1-8/3	
Nº 134 da <i>Revista Nós</i>, ano 1935. Colección particular Xosé Lois González Carrión. A4 pechado pero vai aberto. Engadir nº id. VS1-8/4	
Diario de Ourense, con morte de Rosalía. Colección particular de A. Vázquez Monxardín. Medidas A2 aprox. Engadir nº id. VS1-8/5	



VS1-9 PEANA INDEPENDENTE SEN URNA. Mide 100 x 100 x 30 cm de altura

1.3.2. Maleta de Os Eoas de Eduardo Pondal. RAG <i>Medidas 100 x 100 x 100 cmaprox.</i> Antigo nº id.1.3.8/Engadir nº id. VS1-9/1	
---	--

OBRAS EN PAREDE

ELIMINADO RETRATO DE EMILIA PARDO BAZÁN. DA REAL ACADEMIA GALEGA NON PODE ITINERAR	
El recuerdo de las joyas. Parada Justel, nº de inventario MAPOR CE003582, Oleo/lenzo Museo Arqueolóxico e Provincial de Ourense. CORREO <i>Medidas , 151 x 117 cm</i> Manter nº id. 1.3.13	
Marina, 1897, Ovidio Murguía de Castro, Nº Inventario: 5293. Óleo/ Lienzo. Museo Belas Artes da Coruña. CORREO? <i>Medida 43,5 x 60,4 cm.</i> Manter nº id. 1.3.11	

VS1-10 VITRINA TIPO MESA ADOSADA A MURO. 180 cm de ancho x 60 cm de fondo x 92 cm de alto. ELIMINADA PARA ITINERANCIA





1.3.5. Número de O Tío Marcos da Portela, nº 1, 1876 ORIXINAL RAG. Medidas 32 x 22 cm Antigo nº id. 1.3.5/Engadir nº id. VS1-10/1	Documento.
1.4.7. O VELLO do Pico-Sagro (1 nº da revista) ORIXINAL, RAG Medidas 22 x 16 cm Antigo nº id 1.4.7/Engadir nº id. VS1-10/2	Documento.
1.4.1. El Pueblo Gallego (un exemplar de 1926) Signatura Public Diaria 10 (Carpeta D) BIBLIOTECA DE GALICIA A4/A3 Antigo nº id. SECCIÓN 1.4/Engadir VS1-10/3	Documento.
1.4.2. A NOSA TERRA. Orixinal. Colección particular de A. Vázquez Monxardín A3 doblado	Documento.
1.4.3. GALICIA, xornal Orixinal. Colección particular A. Vázquez Monxardín A3 doblado	Documento.



2ª SECCIÓN: Os protagonistas.

*Entre a tradición e a
vanguardia.(1916-1936)*

OBRAS A PAREDE OU CHAN. SINALADAS EN COR VERDE

VITRINAS ADOSADAS A PAREDE. SINALADAS EN COR AZUL

**VITRINAS PRACTICADAS EN MURO. SINALADAS EN COR GRANA OLLO
ESTAS VITRINAS FORMAN PARTE DO MURO E HAI QUE ADAPTALAS OU
FACELAS DE NOVO NAS ITINERANCIAS)**

ESTANTES EN PAREDE. SINALADOS EN COR MARRÓN

VITRINAS/PEANAS/BASES INDEPENDENTES. SINALADAS EN COR
LARANXA

**(Todas as vitrinas/peanas enviaranse cos soportes das obras, que irán
siglados co nº das vitrina e da obra correspondente.)**

AUDIOVISUAL E INTERACTIVOS. SINALADOS EN COR MORADA

**VS2-1. VITRINA TIPO MESA ADOSADA A PAREDE. Medidas: mesa: 84 cm
de ancho x 75 cm de fondo x 85 cm de altura. Con urna ten 120 cm de
altura.**




Album Nós.

de Afonso Vázquez Monxardín.

Sin id. antigo/Engadir nº id.

VS2-1/1




Castelao. Boceto de ilustración para a revista Nós, ca. 1920. Debuxo a lapis/papel

Nº de inv.: 002579-518

Medidas: 15,9 x 11 cm sen marco. **Con marco son 50 x 40 cm aprox. e vai pendurado enriba da VS1-1 co Album Nós.**

Museo de Pontevedra. **CORREO**

Antigo nº id. 3.3.1/Engadir nº id. VS2-1/2 parede



VS2-2. VITRINA ADOSADA A PAREDE. Medidas: 220 cm de ancho x 60 cm de fondo x 90 cm de altura.




1. *Manifiesto electora, Moaña, 1919: A los vecinos de Domaio-*

Public. en "**Varios documentos
Manifiesto Partido Galeguista e
Irmandades da Fala.**"

Fundación Losada Diéguez

**Antigo nº id. 2.1.2C-/Engadir
nº id.- VS2-2/1**



2. 2 fotos de “Agraristas das primeiras décadas do S.XX”. En “1 carpeta con fotos?” de Fundación Losada Diéguez Antigo nº id. 3.2.21/ Engadir nº id. VS2-2/2	
3. <i>Aos electores da Estrada, Cerdedo...</i> 1 Public. en “Folletos aos electores da Estrada e veciños de Domaio, documentos agrarismo?” de Fundación Losada Diéguez Antigo nº id. 1.2.9?/ Engadir nº id. VS2-2/3	
4. 1 Foto de “Profesores e alumnos do Instituto de Ourense”. En “1 Carpeta con fotos”? de Fundación Losada Diéguez. Antigo nº id 3.2.21/ Engadir nº id. VS2-2/4	
5. <i>Convocatoria Maios en Ourense. 1917.</i> Public. De Juan Luis Saco Cid. Antigo nº id. 2.1.2.A/Engadir nº id VS2-2/5	



6. 4 Exemplares de Revista La Centuria. (Falta 1, buscar) De Jesús Fernando Román Alonso Engadir nº id VS2-2/6	
7. Manifesto orixinal e documentación de 1918 das Irmandades da Fala. Doc. en “Varios documentos Manifesto Partido Galeguista e Irmandades da Fala”. De Fundación Losada Diéguez Antigo nº id. 2.1.2C-/Engadir nº identificador VS2-2/7	

VITRINA PRACTICADA EN MURO 2.1.1.D. OLLO ESTA VITRINA NON SE PODE LEVAR. AXUSTAR ESTES LIBROS NAS ITINERANCIAS ÁS VITRINAS EXISTENTES

SO SE LEVAN 10 LIBROS E HAI QUE BUSCAR VITRINA TIPO MESA




1. Libros da editorial Lar, Céltiga, (anos 20).
30 libros
aprox.que xa están seleccionados na Biblioteca.

Medidas A5
aprox.

Manter nº id. 2.1.D



13 libros Ed. Lar da Biblioteca de Galicia



10 libros Ed. Céltiga da Biblioteca de Galicia

2. Libros editados por Nós
De Afonso Vázquez
Monxardín

Manter nº id. 2.1.D



20 libros editados por Nós de A. Vázquez Monxardín





3. Cousas de Castelao Fundación Castelao Antigo nº id. SECCIÓN 2. Engadir nº id 2.1.D	
---	---

VS2-4 VITRINA ADOSADA A PAREDE. Medidas: 180 cm de ancho x 60 cm de fondo x 90 cm de alto



1. Manifesto Irmandades da Fala. Publi. Afonso Vázquez Monxardín Medidas A3 aprox. Engadir nº id,, VS2-4/1	
2. Instancia da Irmandade Rexionalista Galega de Ourense ao concello, 1918. (ARQUIVO MUNICIPAL DE OURENSE. CORREO). Medidas A4/A3 Antigo nº id. 2.1.4A/ Engadir nº id. VS2-4/2)	



3. Carta de Noguerol a Losada. En carpeta cartas? Medidas A4/A3 Fundación Losada Diéguez. Antigo nº id. 2.1.4A/Engadir nº id. VS2-4/3	
4. Carné as Irmandades de Antonla Pardo, muller de Camilo Díaz Baliño. Biblioteca de Galicia Medidas A5 aprox. Antigo nº id. 2.1.4. Engadir nº id. VS2-4/4	
5. Capa de Camilo Díaz Baliño de A Nosa Terra, 1916.(debuxo orixinal e libro coa portada) Biblioteca de Galicia 2 pezas Medidas A4 aprox. Antigo nº id. 2.1 Engadir novo nº id. VS2-4/5	
6. Solicitude da Irmandade Rexionalista Galega asinada por Vicente Risco e Arturo Noguerol, promovendo a celebración do 1º Día de Galicia Afonso Vázquez Monxardín (reprod. Concello Ourense) Engadir novo nº id. VS2-4/6	

VS2-5. VITRINA ADOSADA A PAREDE. Medidas: 180 cm de ancho x 60 cm de fondo x 90 cm de alto






1. A Nosa Terra (28/06/36), resultados estatuto) e núms. (nº 57, 70, 208 Valle en galego) Total 4 ex.. **EXISTE FACSIMIL**

Real Academia Galega


Antigo nº id. 2.1.4G/Engadir nº id. VS2-5/1



2. Documentos epublic. de actividade política dos galeguistas de Ourense nos inicios dos anos 20.

Afonso Vázquez Monxardín

Engadir nº id. VS2-5/2



3. Docs. dos Asistentes á IV Asamblea das Irmandades.

Cortesía Familia Cuevillas/Margarita Tovar. (FOTO)

Engadir nº id. VS2-5/3



4. Acta da Irmandade Galeguista de Ourense (1930-06-16). AHPOU. Irmandade Galeguista de Ourense. Caixa 9183/03 32 x 21,5 cm. Antigo nº id 2.1.4B1.4A/ Engadir nº id. VS2-5/4	
5. Libro de actas de las sesiones celebradas por la "Mocedá Galeguista d'Ourense" (1920-1921). AHPOU Irmandade Galeguista de Ourense. Caixa 9183/04. 33,2 x 23,2 cm Antigo nº id. 2.1.4B/Engadir nº id. VS2-5/5	

OBRA EN PAREDE



1. Cartel mítin estatuto Medidas 40 x 60 cm montado sobre táblex Fundación Otero Pedrayo Manter nº id. id 2.1.4.F	
---	--



2. Cartaz Estatuto: Para que remate esta vergonza.Vota o Estatuto. Autor: Castelao. Museo do Pobo Galego Engadir id. nº 2.1.4.F/2	
---	--

OBRA EN PAREDE (FRENTE AO CARTAZ DO ESTATUTO)

Conto de cegos. Castelao. Nº de inventario 16.036. Augada sobre papel. Museo de Pontevedra. CORREO. Medidas: 39,00 x 58,00 cm Antigo nº id. 1.3.14/Engadir nº id. S2	
Mariñeiro cego. Castelao. Nº de inventario 2.579 – 959.Aguada, Lápiz, Tinta / Papel Museo de Pontevedra. CORREO Medidas: 28,00 x 33,30 cm Antigo nº id. 1.3.15/Engadir nº id. S2	

VS2-6/VS2-19. PEANAS INDEPENDENTES CON URNA, EXCEPTO 1. DE MEDIDAS DE BASE 40 X 40 cm e 50 x 50 cm. Urnas de 60, 50 e 40 cm de altura.

VS2-6





1. Proposta de ingreso de V.Risco asinada por M. Murguía e outros. Real Academia Galega Medidas A4/A3. Antigo nº id. 2.1.3 A/Engadir nº id. VS2-6/1	
2. Fotografía Vicente Risco ingreso na RAG Real Academia Galega Medidas A5 Antigo nº id. 2.1.3 B/ Engadir nº id. VS2-6/2	
3. Nº da revista Nós con Manuel Murguía parar entrada de Risco na RAG Col. Xosé Lois González Carrión Medidas A4 Engadir nº Id. VS2-6/3	



VS2-7



1. Documentos da Teoría do Nacionalismo Galego Fundación Losada Diéguez A4 aprox Antigo nº id. SECCIÓN 5/Engadir nº id. VS2-7/1.	Documentos: separados ou en carpetas delgadas. NON IMAXE.
2. Revista Nós, nº 115,1933. Colección Xosé Luis González Carrión. A4 aprox. Engadir nº id. VS2-7/1.	



VS2-8




1. Manuscrito Arredor de si. Formato libro CA-708/5 Fundación Penzol Antigo nº id. 2-1-2E/Engadir nº id. VS2-8/1	
2. Libro Arredor de Si, Fundación Otero Pedrayo ALFONSO VÁZQUEZ MONXARDÍN???? A5 aprox. Engadir nº id. VS2-8/2	



VS2-9



1. Manuscrito Losada Diéguez. Rexistro
475 ou 500
Fundación Vicente Risco
Antigo nº id. FALTA
SECCIÓN/Engadir nº id. VS2-9/1.



2. Revista Nós, nº 78, a929.
Colección José Luis Carrión
Engadir nº id. VS2-9/2



VS2-10 ELIMINADA



Dos nosos tempos. Florentino López Cuevillas. Revista Nós, 1920

Colección Xosé Lois González Carrión

Antes nº identificativo SECCIÓN
3/Engadir nº id. VS2-9/1




VS2-11 ELIMINADA




1. Revista Nós, nº 17, 1928
Col. Xosé Luis González Carrión

Antes nº id. SECCIÓN 3 Engadir nº
id. VS2-11/1




2. Manuscrito de propaganda
electoral de Antón Vilar Ponte
Real Academia Galega
Antigo nº identificativo 2.1.3 C2/Engadir nº
id VS2-11/2



VS2-12 ELIMINADA



O sentimento nazonalista e o
Internacionalismo
Ramón Villar Ponte.
CSIC – Instituto de Estudos Galegos
Padre Sarmiento
Antigo nº id. 4.1.11/Engadir nº id.
VS2-12/



Doctrina Nazionalista (libro)
Afonso Vázquez Monxardín
Sen id, antigo/Engadir agora nº id VS2-12/2



VS2-13



Artigo sobre arte de Felipe Bello.
Revista Nós, nº 16 e
Folleto con ilustración de Cándido
Fernández Mazas.

Revissta Nós da Col. Xosé Luis
González Carrión e

Folleto con Ilustración de Afonso
vázquez Monxardín

Engadir nº id. VS2-13/1-2




VS2-14 ELIMINADA






Manuscritos dos discursos de ingreso
na RAG de Xaquín Lorenzo e Xesús
Ferro Couselo

Real Academia Galega
Antigo nº id 2.1.3 C2/Engadir nº id. VS2-
14/1-2




VS2-15



<i>El Divino Hojalatero</i> (Caricatura de Otero Pedrayo) realizado por Patricio Sánchez Álvarez Col. Beatriz e Rafael Salgado Engadir nº id. VS2-15/1	
<i>Reproducción de carta de Otero Pedrayo a Losada Diéguez.</i> Medidas A4 aprox. Engadir nº id. VS2-15/2	

VS2-16



Crónica do vivir xornaleiro, manuscrito de Ramón Otero Pedrayo, 1968, Despacho de Alcaldía ou de Protocolo. Libro manuscrito CONCELLO DE OURENSE Antigo nº id. 2.1.3.C/Engadir nº id. VS2-16	
---	--



VS2-17 ELIMINADA




Discursos orixinais de ingresos na
Academia de Anxel Fole e Francisco
Fernando del Riego

Real Academia Galega

Antigo nº identificativo 2.1.3 C2/Engadir nº
id. VS2-17/1-2

)



VS2-18




Poema humorístico ilustrado e colectivo enviado polos amigos galeguistas a Vicente Risco durante a súa viaxe a Alemaña.

Fundación Vicente Risco

Está en carpeta: "1 carta de Otero Pedrayo,e outros, Carta núm, 495".

Debe levar nº identificativo 3.4.19"

Antigo nº id 4.6./Engadir nº id. VS1-18



VS2-19



Busto de Xavier Prado Lameiro, bronce.

Coral de Ourense. Ruada

Antio nº id SECCIÓN 2/Engadir nº id. VS2-19

OBRA EN PAREDE





Escena de Cabaret. Arturo Souto. Acuarela/papel.ABANCA.

CORREO

50 LUXES.

Medidas. 56 x 51 cm

Manter nº id. 2.2.5.



O Souto dos Gatos,
Fundación Otero Pedrayo

Medidas 30 x 50 cm

**Antigo nº id. 5.2.1/Engadir nº id.
2.2.10**



Paisaxe con árbol
Lois Pintos Fonseca
550x460mm
Instituto Padre Sarmiento-CSIC

Engadir nº id. 2.2.11



1. Os pinos
1923
Felipe Bello Piñeiro,
óleo/lenzo,
170 x 108 cm aprox.
**Real Coro Toxos e Froles
de Ferrol**

Antigo nº id 4.9.10/Engadir nº id.
2.2.+




VS2-20/VS2-21. 2 VITRINAS ADOSADAS A MURO. Medidas: 180 cm de ancho x 60 cm de fondo x 90 cm de alto c/u.



1. <i>A Nosa Terra</i>. Revista. Real Academia Galega AFONSO VÁZQUEZ MONXARDÍN? Engadir nº id. VS2-20/1	
2. <i>Logos</i>. Revista Real Academia Galega Antigo nº id 1.4.16. Engadir nº id. VS2-20/2	
3. <i>Rexurdimento</i>. Revista. Real Academia Galega A3 aprox. Antigo nº id 1.4.16. Engadir nº id. VS2-20/3	
4. <i>Celtiga</i>. Revista. Reproducción cartón pluma Engadir nº id. VS2-20/4	
5. <i>Revista Terra</i>. Bos Aires, 1923 Afonso Vázquez Monxardín A3 aprox. Engadir nº id. VS2-20/5	



6. Nos. Revista. Afonso Vázquez Monxardín A3 aprox. Engadir nº id. VS2-20/6	
7. Exemplar de Nós das páxinas galegas do Diario da Cruña El Noroeste Fondo Francicas Herrera Museo de Pontevedra A3 aprox. Antigo nº id 3.4.3/ Engadir nº id. VS2-20/7	
8. <i>Alfar</i> (1 nº da revista) ORIXINAL Real Academia Galega A4 aprox. Antigo nº id 1.4.9/ Engadir nº id. VS2-21/1	
9. <i>Resol</i> (1 nº da revista) FACSIMIL Real Academia Galega A3 aprox. Antigo nº id 1.4.10 Engadir nº id. VS2-21/2	
10. <i>Ronsel</i> (1 nº da revista) ORIXINAL. ENCADERNADO COS OUTROS NUMEROS DA REVISTA Real Academia Galega A4 aprox. Antigo nº id 1.4.11/ Engadir nº id. VS2-21/3	



